



Fondo solidario de libros e axuda de libros de texto e material Curso 2022/23

Beneficiarios

- Fondo solidario: alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de EP e en ESO.
- Axudas para libros de texto: alumnado de 1º e 2º EP.
- Axudas para material: en EP e ESO.
- Os requisitos económicos poden consultarse na web do colexio, no apartado: “Axudas e actividades”.

Presentación de solicitudes

- **Dúas opcións:**
 - a) Preferiblemente por vía electrónica no formulario normalizado (anexo I) dispoñible en <https://www.edu.xunta.es/fondolibros>, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://www.sede.xunta.gal>
 - b) Nos colexios ou sedes previstas.
- **Prazo: do 19 de maio ao 22 de xuño de 2022 (incluídos)**
Esta solicitude implica a aceptación das bases da convocatoria e o compromiso de devolver os libros en bo estado nas datas sinaladas polo centro.

Documentación complementaria

- Orixinal e fotocopia do Libro de Familia no que figuren todos os membros da unidade familiar. No caso de que este libro non reflecta a situación actual:
 - ✓ Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.
 - ✓ Certificado ou volante de convivencia (tamén no caso de que o/a solicitante careza de DNI ou NIE).
 - ✓ Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do concello de residencia que acredite a situación familiar.
- Certificado de discapacidade do alumno/a ou outro membro da familia non expedido pola admón. autonómica.
- En caso de situación de violencia de xénero no contorno familiar, documentación acreditativa.
- Incapacitación xudicial con patria potestade prorrogada ou rehabilitada. Acreditarase coa resolución xudicial.
- Tutela ou garda da Xunta de Galicia. Acreditarase a resolución xustificativa do acollemento familiar ou o certificado do centro de menores.

Publicación das relacións de admitidos e excluídos no taboleiro do centro

- | | |
|--|--|
| <ul style="list-style-type: none">▪ Relación provisional▪ Reclamacións ás listaxes provisionais▪ Relación definitiva | <p>11 de xullo de 2022
Ata 2 días despois da publicación da relación provisional.
22 de xullo de 2022</p> |
|--|--|

Devolución

- O alumnado deberá devolver os libros ao colexio en bo estado e borrados cando o titor/a o solicite, sempre antes de final de curso.
- A non devolución dos libros de texto será causa de exclusión da axuda de libros e material escolar.